



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dia.runa.es

SESION PLENARIA ordinaria

Día venres 13 de maio de 2022,

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 13:55 horas do día venres 11 de marzo de 2022, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

ASISTENTES:

MANUEL FERREIRO MARZOA	34893023E	PP
JESUS MIGUEL PRADO CEA	46910475C	PP
JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	76329065T	PP
OSCAR BOTANA RUA	44842883J	PP
JUAN CARLOS PORTOS BRA	76368290X	PP
M ^a ANGELES ALVAREZ CARRO	76363609K	PP
ENRIQUE ASTRAY OTERO	45955540E	PSOE
AURELIO GAREA PORTOS	79310360N	PSOE
MANUEL MIGUEZ VILLAVERDE	35314415P	BNG

AUSENTES:

JOSÉ LUIS PEREIRA BAO 76363600N PSOE

baixo a Presidencia de ROBERTO REY MARTÍNEZ 79314640Z como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Ángela María Viqueira Allo.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO PLENOS ANTERIORES

Preséntanse para a aprobación, no seu caso, a acta correspondente s sesión plenaria que tivo lugar na data de 11/03/2022, distribuída coa convocatoria.
O alcalde cede a palabra aos voceiros dos distintos grupos para que se pronuncien sobre cada unha das actas, e sobre se teñen observacións ou emendas sobre elas.

VOTACIÓNS E ACORDOS

1.1 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 11/03/2022. Sométese a aprobación da acta da sesión plenaria de 11/03/2022, a votación ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da aprobación.

2.- DACIÓN EN CONTA DE DECRETOS.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dia.runa.es

Dáse conta ao Pleno das resolucións da alcaldía ditadas que van dende o número 2022/33 ao número 2022/72, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real Decreto 2568/1986, 28 de novembro), que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras dende a convocatoria do Pleno.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO "BRAÑAS DO ILLÓ-RIO SAMO V". RATIFICACIÓN CONVENIO CO CONCELLO DE ORDES E MESÍA .

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: RATIFICACIÓN DE DECRETO Nº 56/2022 REFERENTE A APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO PARA O ANO 2022.

EXPEDIENTE: 2022/A008/30

Considerando a Resolución de Alcaldía nº 56/2022 de data 3 de maio de 2022 o cal se reproduce a continuación:

(...)DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación, se procede da solicitude á Consellería de Emprego e Igualdade da subvención para un obradoiro dual de emprego, Orde do 21 de febreiro de 2022 (DOG Nº 46 do 08 de marzo de 2022) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.

Vista a Orde do 21 de febreiro de 2022 (DOG nº 46, de data 08/03/2022), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.

Visto o disposto nos arts. 1, 3 e 19 de a Orde de 27/12/2019

Visto o disposto nos arts. 25 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, arts. 80 e 86.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo e art. 4 do R.D. Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro.

Visto o disposto nos arts. 11, 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Crear unha agrupación entre o Concello de Frades, o Concello de Mesía e o Concello de Ordes para colaborar no desenvolvemento proxecto: Obradoiro de Emprego "Brañas do Illó-Río Samo V".*

SEGUNDO.- *Encomendar a xestión do proxecto ao Concello de Ordes.*

TERCEIRO.- *Formalizar a encomenda de xestión a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, facultando ao Alcalde de Ordes para a súa sinatura.*

CUARTO.- *Aprobar o proxecto: "Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Ríos Samo V", e o orzamento de gastos segundo a seguinte táboa:*

CONCEPTO	IMPORTE
Actuación total Mesía (proxecto+traslados+indemnizacións)	13.482,57 €
Actuación total Frades (proxecto+traslados+indemnizacións)	16.554,07 €
Actuación total Ordes (proxecto+traslados+indemnizacións)	36.483,29 €
Costes persoal directivo e alumnos+gastos xestión e material	503.987,00 €



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dia.runa.es

TOTAL 570.506,93 €

QUINTO.- Aprobar o proxecto técnico dos traballos consistentes en repoboacións forestais, tratamentos silvícolas e actividades auxiliares de conservación e mellora do monte "Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Río Samo V", xunto cos custes de indemnización e traslados cun orzamento de execución total nos tres concellos de 66.519,93 euros (IVE incluído) desagregado segundo táboa anterior.

SEXTO.- Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde de data 21/02/2022, unha subvención para o desenvolvemento do proxecto: "Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Río Samo V", por importe de 503.987,00 €, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

SETIMO.- Dar conta desta Resolución no seguinte Pleno que se celebre para a súa ratificación.(...)

Por todo o exposto, **PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Ratificar o texto do Decreto 56/2022 coa adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Crear unha agrupación entre o Concello de Frades, o Concello de Mesía e o Concello de Ordes para colaborar no desenvolvemento proxecto: Obradoiro de Emprego "Brañas do Illó-Río Samo V".

SEGUNDO.- Encomendar a xestión do proxecto ao Concello de Ordes.

TERCEIRO.- Formalizar a encomenda de xestión a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, facultando ao Alcalde de Ordes para a súa sinatura.

CUARTO.- Aprobar o proxecto: "Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Ríos Samo V", e o orzamento de gastos segundo a seguinte táboa:

CONCEPTO	IMPORTE
Actuación total Mesía (proxecto+traslados+indemnizacións)	13.482,57 €
Actuación total Frades (proxecto+traslados+indemnizacións)	16.554,07 €
Actuación total Ordes (proxecto+traslados+indemnizacións)	36.483,29 €
Costes persoal directivo e alumnos+gastos xestión e material	503.987,00 €
TOTAL	570.506,93 €

QUINTO.- Aprobar o proxecto técnico dos traballos consistentes en repoboacións forestais, tratamentos silvícolas e actividades auxiliares de conservación e mellora do monte "Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Río Samo V", xunto cos custes de indemnización e traslados cun orzamento de execución total nos tres concellos de 66.519,93 euros (IVE incluído) desagregado segundo táboa anterior.

SEXTO.- Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde de data 21/02/2022, unha subvención para o desenvolvemento do proxecto: "Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Río Samo V", por importe de 503.987,00 €, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

En Frades a 10 de maio de 2022



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15886 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

Roberto Rey Martínez

."

INTERVENCIÓNS

O Sr. alcalde explica o contido da proposta

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Psde G-PSOE, don Enrique Astray Otero, advirte un erro nas cantidades da documentación que acompaña á proposta; erro que resulta solventado.

VOTACIÓN

Votos a favor:

6 PP
2 PSOE
1 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstencións:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

O pleno por unanimidade dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Crear unha agrupación entre o Concello de Frades, o Concello de Mesía e o Concello de Ordes para colaborar no desenvolvemento proxecto: Obradoiro de Emprego "Brañas do Illó-Río Samo V".

SEGUNDO.- Encomendar a xestión do proxecto ao Concello de Ordes.

TERCEIRO.- Formalizar a encomenda de xestión a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, facultando ao Alcalde de Ordes para a súa sinatura.

CUARTO.- Aprobar o proxecto: "Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Ríos Samo V", e o orzamento de gastos segundo a seguinte táboa:

CONCEPTO	IMPORTE
Actuación total Mesía (proxecto+traslados+indemnizacións)	13.482,57 €
Actuación total Frades (proxecto+traslados+indemnizacións)	16.554,07 €
Actuación total Ordes (proxecto+traslados+indemnizacións)	36.483,29 €
Costes persoal directivo e alumnos+gastos xestión e material	503.987,00 €
TOTAL	570.506,93 €

QUINTO.- Aprobar o proxecto técnico dos traballos consistentes en repoboacións forestais, tratamentos silvícolas e actividades auxiliares de conservación e mellora do monte "Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Río Samo V", xunto cos custes de indemnización e traslados cun orzamento de execución total nos tres concellos de 66.519,93 euros (IVE incluído) desagregado segundo táboa anterior.

SEXTO.- Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde de data 21/02/2022, unha subvención para o desenvolvemento do proxecto: "Obradoiro de Emprego



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15886 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Brañas do Illó-Río Samo V", por importe de 503.987,00 €, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

4.-MOCIÓNS.

Non hai

5.-INFORMES.

O alcalde-presidente toma a palabra para informar dos seguintes asuntos:

1.- PROGRAMAS DE EMPREGO

-PEL DEPUTACIÓN DA CORUÑA: Concédese ao concello unha subvención por importe de 25.000,00€, indicando que na anualidade 2021 o importe da subvención foi de 50.000,00€. Esta subvención terá por obxecto a contratación de 4 peóns durante 4 meses (abril-xullo).

-APROL RURAL XUNTA DE GALICIA: Concédese ao concello unha subvención por importe de 41.900,00€. Esta subvención terá por obxecto a contratación de 3 peóns forestais durante 8 meses sendo o inicio da actividade no 15 de xuño.

-Por parte do concello destacar a contratar con cargo ao orzamento municipal de 2 tractoristas e un peón xardineiro.

2.-PUNTO LIMPO MÓVIL

O servizo encóntrase en funcionamento dende principios de maio estando previsto que se atope 15 días en cada unha das parroquias.

3.-POS COMPLEMENTARIO 2021

-Obra: AC-524 Vilar de arriba Frades e outra. Comezouse a obra ca execución das zonas que van entubadas (Tañoia a San Mauro) e unha zona onde se fixo un muro de contención. Na próxima semana iniciárase o ensanchamento da estrada e posterior arranxo da zonas máis deterioradas.

O atraso débese á folga do transporte polo que respecta aos materiais e aos ensilados que se optou por esperar a que rematasen para poder así empezar a obra sen problemas.

4.-SENDA NA AC-524 O PAZO-A PIBIDEIRA

Importe de 241.008,09€ punto km 7.820-8.590. Iniciouse o proceso de expropiación e nos próximos meses publicarase a licitación. Trátase dunha obra realizada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Existe o compromiso ca administración autonómica dunha segunda fase A PIBIDEIRA-O PEÑASCO.

5.-DESBROCE

Comezaron os traballo a principios de maio polo seguinte orde:

- Xerais
- Parroquias
- Pistas de Monte e segunda volta a xerais e parroquias.
- Última volta a xerais finalizado o ano.

6.-FESTA DOS MAIORES 2022

Convocase a actividade, como todos os anos, o último sábado do mes de maio, día 28 en concreto co seguinte organigrama:

- Misa 13:00h
- Despois xantar e recoñecemento de maiores de 90 anos e mais.
- Xogos populares e baile son Sarillo e Dúo Eva e Camilo

6.-ROGOS E PREGUNTAS.

-ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE plantexa os seguintes rogos:

1.- ROGO PARA QUE SE ENVÍEN AOS CONCELLEIROS AS ACTAS DA XGL

Rogo que é contestado polo secretaria indicando que indicará que se proceda ao envío.

-ENRIQUE ASTRAY OTERO, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE plantexa as seguintes preguntas orais:

1.- A finalidade da subvención do IDAE era o cambio de farolas se ben algunhas están sen cambiar, cal sería a razón.

O Sr. alcalde responde que a obra encóntrase sen rematar faltando un tercio, se ben a empresa adjudicatario solicitar a ampliación do prazo para poder finalizar a obra en cuestión

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14:18 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dia.runa.es

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo. Ángela María Viqueira Allo.